

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

ORDE do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e o Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, constitúen o marco normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de rehabilitación en Galicia.

De acordo co artigo 13 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, mediante a Orde do 9 de marzo de 2015 establecéronse as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas deste plan estatal.

O Real decreto 637/2016, do 9 de decembro, prorrogou durante un ano o citado Plan estatal 2013-2016. Esta prórroga fai necesaria unha modificación na regulación dos prazos previstos na Orde do 9 de marzo de 2015.

En consecuencia, mediante esta orde, que non ten contido económico, ábrese o prazo para solicitar a participación na prórroga no Programa de rexeneración e renovación urbanas e establécense as súas bases reguladoras que, ao mesmo tempo, serán de aplicación ás novas axudas autonómicas previstas para as actuacións que se realicen nas áreas de rehabilitación integral declaradas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade coas competencias atribuídas polo artigo 13 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro,

ACORDO:

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto regular as condicións para solicitar a participación na prórroga do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do



alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (en diante, Plan estatal 2013-2016), así como establecer as súas bases reguladoras, que tamén serán de aplicación ás novas subvencións autonómicas, complementarias das axudas estatais, para as actuacións que se realicen nas áreas de rehabilitación integral (en diante, ARI) (código do procedemento VI408K).

CAPÍTULO II

Participación na prórroga do Programa de rexeneración e renovación urbanas

Artigo 2. Participación dos concellos

1. Só poderán participar na prórroga do Programa de rexeneración e renovación urbanas os concellos que teñan algunha ARI declarada no seu termo municipal.

2. A materialización da participación no programa terá lugar a través da formalización dun acordo específico entre o Ministerio de Fomento, a Comunidade Autónoma de Galicia e o correspondente concello, de acordo co previsto no artigo 3.6 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

3. O acordo que se asinará establecerá que o concello actúe como entidade xestora do programa, fixará o financiamento máximo previsto para a respectiva ARI, así como o prazo en que o concello deberá realizar a correspondente convocatoria das axudas e os demais compromisos que deriven da prórroga deste programa.

4. A convocatoria das subvencións que realice o concello, unha vez asinado o acordo específico, deberá axustarse ás bases reguladoras aprobadas nesta orde e aos demais requisitos establecidos na normativa reguladora deste programa.

Artigo 3. Solicitudes de participación

1. Os concellos que queiran participar na prórroga do Programa de rexeneración e renovación urbanas deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), segundo o modelo que figura como anexo I a esta orde.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Os concellos que teñan varias ARI declaradas no seu termo municipal deberán presentar unha solicitude para cada unha das ARI que queiran incorporar a este programa.



4. A solicitude deberá formalizala, en representación do concello, o/a alcalde/sa ou a persoa en que este/a delegue.

5. As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se algún dos concellos interesados presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

6. No modelo de solicitude, a persoa representante do concello realizará as seguintes declaracións respecto das subvencións que poida recibir o concello no marco deste programa:

a) Declaración das axudas solicitadas ou obtidas de calquera entidade pública ou privada ou, de ser o caso, declaración de que non se solicitaron ou obtiveron outras axudas para a mesma finalidade. No caso de que se solicitasen ou obtivesen outras axudas para a mesma finalidade, deberanse indicar cales.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que sexa solicitada ou concedida para a mesma finalidade.

c) Declaración responsable de que o concello está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que o concello non ten pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, para o caso de solicitar as subvencións autonómicas.

d) Declaración de que o concello non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas das previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Declaración de que o concello está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 13.2.g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



f) Declaración de que todos os datos consignados na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

7. Coa solicitude de participación, os concellos deberán achegar un certificado do acordo municipal de solicitar a participación neste programa e do compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.

Artigo 4. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Número de identificación fiscal do concello.

b) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) da persoa que teña a titularidade da alcaldía, ou da persoa en quen delegue.

c) Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de que o concello non ten pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Cando os concellos interesados se opoñan a estas consultas, deberán facelo constar no correspondente cadro habilitado para tal efecto na solicitude e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar aos concellos interesados a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. *Instrución do procedemento*

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos no artigo anterior, requirirase o concello solicitante para que nun prazo de dez (10) días hábiles emende a falta ou achegue os documentos precep-



tivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se lle terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Logo de examinar as solicitudes admitidas, la persoa titular da Dirección Xeral do IGVS realizará unha proposta de repartición do financiamento entre os correspondentes concellos. Esta proposta realizarase en atención ás previsións contidas no Plan estatal 2013-2016 e ás dotacións orzamentarias fixadas para a prórroga deste programa.

3. A proposta de repartición do financiamento será notificada aos concellos cuxas solicitudes fosen admitidas. Estes concellos disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da citada notificación, para que acheguen, de conformidade co artigo 27.3 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, a documentación que de seguido se relaciona, necesaria para a formalización dos acordos específicos:

a) Unha memoria-programa na cal constarán os seguintes documentos:

1º. Un diagnóstico sobre a situación social, económica e ambiental da ARI, xustificando segundo indicadores e índices estatísticos obxectivos en relación coa media municipal, autonómica e estatal ou, na súa falta, sobre a base de informes técnicos. Tamén incluírá os obxectivos e os fins públicos da actuación.

2º. Un programa de accións integradas que inclúa a descrición das actuacións subvencionables, a súa idoneidade técnica e as formas da súa execución e da súa xestión, así como a súa programación temporal. Inclúranse tamén as medidas complementarias propostas nos ámbitos social, económico e ambiental, especificando de forma pormenorizada as institucións públicas e privadas implicadas e os compromisos establecidos para a súa posta en marcha, desenvolvemento e seguimento.

Este programa de accións integradas conterá un cadro de indicadores de seguimento, para verificar a incidencia das accións e unha memoria que acredite a participación cidadá no seu deseño.

3º. Unha memoria de viabilidade técnica que acredite a súa compatibilidade coa ordenación urbanística e outra de viabilidade económica, que analizará a rendibilidade e o equilibrio entre os beneficios e as cargas derivadas da actuación para as persoas propietarias. Na memoria deberá constar o orzamento total protexido das actuacións, desagregándoas segundo os tipos establecidos no artigo 26 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.



4º. Un plan de realoxo temporal e retorno legalmente necesario, se é o caso, con indicación dos prazos e dos custos dos realoxos e das medidas sociais complementarias previstas para a poboación afectada.

b) As prioridades de execución das actuacións que se propoñan realizar.

c) A ficha de datos establecida polo Ministerio de Fomento para a sinatura dos acordos específicos.

4. O IGVS remitirá as solicitudes con toda a documentación ao Ministerio de Fomento para a súa conformidade e posterior sinatura dos acordos específicos, en atención ás súas dispoñibilidades orzamentarias e aos criterios establecidos no artigo 27 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

Artigo 6. *Forma de presentación da documentación*

1. A certificación municipal que debe acompañar a solicitude, así como a demais documentación prevista no número 3 do artigo 5, deberá presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para o caso de que algún dos concellos presente esta documentación presencialmente, requiriráselle para que o faga electronicamente. Nestes casos, considerarase como data de presentación desta documentación aquela en que fose presentada por vía electrónica.

2. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

3. Os concellos interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirirles a exhibición dos documentos orixinais para o seu cotexo coas copias electrónicas presentadas.

4. No caso de que os documentos que hai que presentar superen os tamaños máximos establecidos na sede electrónica ou teñan un formato non admitido por esta, deberán seguirse, para os efectos da súa presentación, as instrucións que figuran no seguinte enderezo: <https://sede.xunta.gal/documentacion-de-gran-tamano>.

5. Todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente, accedendo á carpeta do cidadán do concello interesado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 7. Financiamento das actuacións do Programa de rexeneración e renovación urbanas

1. Unha vez asinados os acordos específicos de financiamento, o Ministerio de Fomento ingresará as subvencións ao seu cargo directamente á Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo as dispoñibilidades orzamentarias, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do IGVS, procederá a aboar nun só pagamento a cada concello, tanto o financiamento previsto con cargo ao Ministerio de Fomento, como o previsto con cargo aos seus orzamentos. Estes ingresos realizaranse por transferencia bancaria na conta de titularidade municipal sinalada para o efecto no anexo I.

2. Os concellos xustificarán os gastos efectuados mediante as oportunas certificacións municipais das actuacións realizadas, nos termos sinalados no artigo 18.

Artigo 8. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e demais actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá aos concellos interesados avisos da posta á disposición das notificacións mediante un correo electrónico dirixido ás contas de correo que consten na solicitude para estes efectos. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación, sen que se acceda ao seu contido.

4. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o IGVS practica a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



CAPÍTULO II
Bases reguladoras das subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbanas

Artigo 9. Actuacións subvencionables

De conformidade co artigo 26 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, son actuacións subvencionables a execución das seguintes obras:

1. Obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente.

2. Obras de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano:

a) As de urbanización e reurbanización material dos espazos públicos, tales como pavimentación, xardinaría, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración enerxética, iluminación, recollida, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b) As de mellora da accesibilidade dos espazos públicos.

c) As de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

– En materia de auga, as de redución do uso de auga potable e de rega, as de xestión sustentable dos escorrementos urbanos, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.

– En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación e en servizos urbanos, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.

– En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso, tanto de materiais reciclados ou renovables en edificación e en urbanización como de materiais locais ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.



– En materia de protección e mellora da biodiversidade, as propostas de conectividade de espazos verdes, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

3. Obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción. Os novos edificios deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exigencias do Código técnico da edificación.

Así mesmo, serán subvencionables:

4. Os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes legais de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual, como consecuencia da correspondente actuación.

5. Os gastos dos equipamentos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

Artigo 10. *Requisitos das actuacións*

1. Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

2. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou a memoria elaborada para a súa execución.

3. No caso de realizarse actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva, será requisito necesario contar co correspondente informe de avaliación, cuxo contido debe axustarse ao modelo tipo previsto no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, así como, de ser o caso, co acordo validamente adoptado pola comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as referido á execución das obras obxecto da solicitude.

4. O prazo máximo de execución da actuación e de xustificación do pagamento das obras será o 31 de decembro de 2018, salvo que o Ministerio de Fomento estableza un prazo diferente.

5. As actuacións protexibles incluirán, para os efectos da determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto



derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

6. O custo total subvencionable constituirá o orzamento protexido da actuación e non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións.

Artigo 11. *Persoas ou entidades beneficiarias*

1. Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as persoas propietarias únicas de edificios de vivendas ou de vivendas individuais, as comunidades de persoas propietarias, as agrupacións destas comunidades, os consorcios e os entes asociativos de xestión.

2. As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6.2 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

3. Os concellos poderán ser beneficiarios das subvencións previstas para os gastos de mantemento dos equipos técnicos e das oficinas de información e de xestión e as previstas para actuacións de urbanización e reurbanización.

4. Para poder ser beneficiarios das subvencións autonómicas para os gastos de mantemento dos equipos técnicos e das oficinas de información e de xestión, os concellos deberán ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais de cada exercicio.

5. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás cales se lles revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

6. Non poderán obter as subvencións deste programa quen se beneficiase, dentro do ámbito da actuación, de axudas do programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal 2013-2016, de conformidade co artigo 28.3 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

Artigo 12. *Subvencións estatais*

1. A contía máxima das axudas contidas no Plan estatal 2013-2016 non poderá exceder o 35 % do custo subvencionable da actuación e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a continuación:

– Ata 11.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación.



– Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida.

– Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida para as actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano (obras de urbanización o reurbanización do ámbito).

– Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia que hai que realoxar, durante o tempo que duren as obras e ate un máximo de 3 anos, para as actuacións de realoxo temporal.

– Ata 500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

2. O importe global das axudas a cargo do Ministerio de Fomento terá o límite do financiamento máximo previsto na prórroga do convenio de colaboración que se asine entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia. O acordo específico que se asine na comisión bilateral de seguimento do Plan estatal 2013-2016, coa participación do concello respectivo, establecerá, en termos de máximos, o importe das axudas para a respectiva ARI.

Artigo 13. *Subvencións autonómicas*

O IGVS, con cargo aos seus orzamentos, subvencionará as actuacións nas ARI declaradas na contía máxima seguinte:

– Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

– Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

Artigo 14. *Compatibilidades*

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.



Artigo 15. Solicitudes de subvención

1. As persoas e entidades interesadas, dentro do prazo establecido en cada convocatoria municipal, deberán dirixir a solicitude ao concello onde estea situado o edificio ou a vivenda sobre o cal se vaia a realizar a actuación. Coa solicitude, e só no caso de denegar a súa consulta, deberase xuntar a seguinte documentación:

– Datos de identificación da persoa solicitante ou, de ser o caso, da persoa representante.

– No caso de que a persoa solicitante sexa unha comunidade de persoas propietarias ou agrupación de comunidades de persoas propietarias, achegarase ademais:

– Documento acreditativo da súa constitución.

– Documento acreditativo da representación con que se actúa.

– Xustificación da titularidade do edificio.

– Acordo da comunidade de persoas propietarias para a execución das obras e para a solicitude da subvención.

– Relación de persoas propietarias do edificio, con indicación do DNI ou, de ser o caso, do NIE de cada unha, e a referencia catastral de cada vivenda e local.

– Certificación de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

– Documentación para acreditar os requisitos previstos no artigo 6 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

– Proxecto ou memoria técnica en que se describan as obras que se van executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto no artigo 26 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril. O proxecto ou memoria técnica deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie



construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

– Licenzas e/ou autorizacións necesarias para a execución das obras.

– De ser o caso, informe de avaliación dos edificios, conforme co modelo tipo previsto no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

Artigo 16. *Procedemento de cualificación provisional das actuacións*

1. Os concellos, no marco dos seus procedementos de convocatorias de axudas, revisarán a documentación presentada e, logo dos requirimentos que consideren necesarios para completar ou aclarar a documentación recibida, ditarán resolución denegatoria das solicitudes que non cumpran os requisitos. Respecto das solicitudes que cumpran os requisitos, os concellos elaborarán unha proposta de cualificación provisional que remitirán á correspondente área provincial do IGVS. Esta proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións. A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos exixidos polo Plan estatal 2013-2016, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

2. A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional. A resolución pola que se outorgue a cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante, describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

3. Serán causas de denegación da cualificación provisional, ademais das que poida sinalar o concello, as seguintes:

a) Que a actuación prevista non estea entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.

b) No caso de actuacións referidas a edificios residenciais colectivos, que non se dispoña do informe de avaliación dos edificios.

c) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Fomento.



4. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

5. Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais da IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 17. *Cualificación definitiva das actuacións*

1. As persoas ou entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, comunicarán o seu remate ao correspondente concello, que deberá proceder a realizar as seguintes comprobacións:

a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.

b) Que para a súa execución contáronse con todas as autorizacións necesarias.

c) Que o pagamento efectivo das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizados polas persoas ou as entidades beneficiarias que figurasen na resolución de cualificación provisional.

2. Logo de realizar as comprobacións sinaladas no punto anterior, os concellos elaborarán unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará. A esta proposta de cualificación definitiva, que remitirán á correspondente área provincial do IGVS, deberá xuntarse unha certificación do concello do cumprimento dos requisitos establecidos no Plan estatal 2013-2016, na presente orde e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto a actuación como á persoas e entidade beneficiaria.

3. As xefaturas territoriais do IGVS, logo das comprobacións que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible.



4. Serán causas de denegación da cualificación definitiva, ademais das que poida sinalar o concello, as seguintes:

a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.

b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela.

c) O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

d) O incumprimento por parte da persoa ou entidade promotora de calquera dos requisitos previstos no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, nesta orde e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

5. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

6. Contra a resolución que sobre a cualificación definitiva diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 18. *Xustificación das actuacións*

1. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

2. A certificación municipal que se acompaña á proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade exixida no artigo 48.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Á vista dos datos remitidos por cada concello, a área provincial do IGVS correspondente formulará a xustificación da aplicación dos fondos previstos en cada un dos acordos específicos e das subvencións correspondentes.

3. Os concellos aboarán as correspondentes subvencións ás persoas e as entidades beneficiarias e xustificarán os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións es-



tatais, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificacións deberán realizarse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS nun prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

4. Os concellos remitirán ás áreas provinciais do IGVS correspondentes as xustificacións dos gastos de mantemento de equipos técnicos e das oficinas de información e de xestión.

5. Os concellos procederán á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

Artigo 19. *Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias*

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se conceden as axudas, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.

b) Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo de tres anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, para o caso de recibir as axudas autonómicas.

c) Comunicar ao concello correspondente calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o concello e/ou o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo concello ou o IGVS.



f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 20. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 21. *Reintegro da subvención*

Ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, serán causas de reintegro as seguintes:

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

2. A non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

Artigo 22. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o IGVS publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos concellos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas. Incluirá, igualmente, as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



2. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o contido das convocatorias que realicen os concellos serán publicados na Base de datos nacional de subvencións e os seus extractos no diario oficial correspondente.

Disposición adicional primeira. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación estean autorizados polas entidades solicitantes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades». O obxecto deste ficheiro é xestionar o presente procedemento, así como informar os concellos interesados sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central, s/n, polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a rehabilitacion.igvs@xunta.gal.

Disposición adicional segunda. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nesta orde será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de decembro, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia; o Real decreto 233/2013, do 5 de abril, e o Decreto 18/2014, do 13 de febreiro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilitase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisas para a xestión deste programa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Vivenda




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO I

PROCEDIMENTO PARTICIPACIÓN NA PRÓRROGA DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO VI408K	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.
 Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
 Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS DA ACTUACIÓN

DENOMINACIÓN DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL FASE

ACTUACIÓN	CUSTO ACTUACIÓN	Nº ACTUACIÓNS	ACHEGAS					PROMOTOR/ PRIVADOS
			MINISTERIO FOMENTO	CC.AA.	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS		
REHABILITACIÓN								
EDIFICACIÓN								
URBANIZACIÓN								
EQUIPO TÉCNICO DE XESTIÓN								
REAIXOS TEMPORAIS								
TOTAL								
% PARTICIPACIÓN								

CVE-DOG: grr09j9-zu89-lha5-fgv5-zlujelzrxo3


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou obtivo outras axudas para a mesma finalidade para a cal se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos a partir da data desta declaración.

3. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Que todos os datos consignados nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificación do acordo municipal de solicitar a participación neste programa, no que se recolla o compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos devanditos documentos.

	OPÓNOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> NIF do concello solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa que teña a titularidade da alcaldía, ou da persoa en quen delegue	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas tributarias e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral do IGVS, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a: rehabilitacion.igvs@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Instituto Galego da Vivenda e Solo


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
